

# Tócalle unha



## O verbo. O antepretérito

1ª conjugación	2ª conjugación	3ª conjugación
andara	varrera	partira
andaras	varreras	partiras
andara	varrera	partira
andaramos	varreramos	partiramos
andarades	varrerades	partirades
andaran	varreran	partiran

### Usos

**Accións que tiveron lugar antes do pretérito, é dicir, antes do pasado:**

- Cando viñeches nós xa bailaramos moitísimo.

**Expresa cortesía:**

- Quixera comprar dous billetes para o concerto, por favor.

**Expresa desexo:**

- Quen puidera ir a todos os concertos que hai durante o verán!

### Como expresar duración

**Hai + cantidade de tempo + que + verbo:**

- Hai un ano e medio que non vou a ningún concerto.

**Dende/desde hai + cantidade de tempo:**

- Non vin a María dende/desde hai un ano.

### Como expresar o inicio dunha acción

**Dende/desde + data:**

- Veranean na Costa da Morte desde que era pequena.

**Dende/desde que + verbo:**

- Estou en Viveiro desde que cambiei de traballo.

### Como situar unha acción no tempo

**Hai + cantidade de tempo + pretérito:**

- Hai moitos anos que lin a Otero Pedrayo.

## Adxectivos de estado

Estaba moi **avergoñada** do mal que lle saíu o concerto.

Non dá tocado porque é moi **impaciente** e non lle dedica tempo.

Semella **cansa** de tanto ensaiar co óboe.

Véxote **apesarada** porque che rompese a fruta.

Estou **famenta**, comería algo agora.

A veciñanza estaba **inqueda** polo ruído.



### Ligazóns de interese

- >> Amancio Prada interpretando unha cantiga de amigo
- >> Os instrumentos musicais na tradición galega
- >> GZ Música
- >> Ghastaspista
- >> Proxecto Virtual de Recuperación do Patrimonio Musical de Galicia
- >> Galeguiza-t. Nova antoloxía da música galega contemporánea
- >> Música galega dos anos 60-70-80-90
- >> Alalá. Regueifa en Bergantiños
- >> Baiuca, Xosé Lois Romero e Aliboria
- >> Xacarandaina
- >> Cantigas e Agarimos
- >> Queixumes dos pinos
- >> Federación de bandas de Galicia



### Notas da sesión



Notas da sesión

A large, empty rectangular box intended for taking notes during the session.